

## A ESCOLA DA VIDA

# Situacións de risco infantil por obesidade

14.11.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Algunhas das explicacións da obesidade infantil teñen que ver co cada vez maior lecer sedentario dos mozos e coa súa tendencia a recorrer ás comidas rápidas ou precociñadas. Aínda que tampouco hai que desprezar a transmisión dunhas pautas alimentarias incorrectas que lles fan os seus adultos e que moitas veces están baseadas nunha tradición cultural que vincula a gordura coa felicidade e a saúde.

A saída do caso de Moisés -o neno ourensán valorado como obeso mórbido- ao debate público, a través dos medios de comunicación, propiciou a manifestación de opinións encontradas, e non sempre ben argumentadas e contrastadas.

Así, hai que dicir que cando a Administración competente en materia de menores intervéñ ante un caso de risco para a vida dun menor por negligencia ou incumprimento dos deberes protectores dos seus pais, faino con pleno dereito e en exercicio das súas facultades. E cando esta xa lles puxo á súa disposición todos os medios para que correxisen os malos hábitos nutricionais do seu fillo durante un tempo suficiente sen que por iso se chegase a producir ningún tipo de resposta efectiva, a toma da decisión de afastalo da súa familia está en consonancia co interese superior do menor, que é o que ditan as normas protectoras da infancia.

Estas afirmacións lévanos a varias conclusións. A primeira é a de situar o problema onde debe estar, isto é, nunha chamada de atención aos pais sobre a saúde do seu fillo para que cambien os seus hábitos e non corran o risco de provocarlle unha enfermidade de difícil solución, ou incluso comprometer a súa vida. Tamén hai unha chamada de atención aos servizos sanitarios para que non só fagan intervencións terapéuticas cando o problema xa está aí, senón que asuman propostas preventivas en todos os ámbitos (escolar, familiar, social, laboral, etc.) que impliquen a erradicación dun problema que xa supón que case o 30% dos menores galegos sexan obesos, e que eleva a Galicia ao posto de líder do ránking español, segundo a Asociación Galega de Dietistas e Nutricionistas (AGDN). E, por último, que co mesmo oficio e criterio de responsabilidade social co que se levou o cabo o caso deste menor por parte das autoridades, se asuman tamén outras situacións de tipo de risco doutros menores.